



Gabinete de prensa: Rúa Touro nº 21, 1º andar, 15704. Compostela
981 554 147 / 649 541 773 / prensa@sindicatolabrego.com

Nota de prensa
do SLG

21-10-2008

O SLG acada que a unidade móbil da ITV volte ao concello de Guitiriz en decembro. Cómpre apuntarse antes do 30 de outubro no local do SLG.

Como xa indicamos a pasada semana, a unidade móbil nº3 da ITV non permaneceu nalgunhas parroquias o tempo dabondo para levar a cabo a inspección de tódolos vehículos agrícolas do concello de Guitiriz.

Perante desta situación, o SLG solicitou por escrito ao responsábel da Inspección Técnica de Vehículos agrarios que unha unidade móbil da ITV se desprace novamente ás parroquias do concello de Guitiriz onde quedan vehículos sen inspeccionar, instándoo a que no futuro se amplíen os días de permanencia nas parroquias onde haxa máis demanda, xa que calcular o tempo das revisións é sinxelo grazas a que maioritariamente faise con cita previa.

No día de onte, persoal da ITV confirmou ás compañeiras do SLG en Vilalba a aceptación da nosa solicitude, asumindo erros no cálculo do tempo necesario para pasar a revisión aos vehículos agrícolas da zona.

Porén, antes do día 30 de outubro, aquelas persoas pendentes de someter á inspección técnica os seus vehículos na parroquia d'O Buriz haberán de facilitar os seus datos ás traballadoras do Sindicato Labrego en Vilalba.

Para tales efectos poderán contactar connosco no teléfono **982/512431** ou ben acudindo a oficina sita na **R/ Cidade de Viveiro, nº1, ent. A.**

Moitas grazas pela súa atención.

Saúdas do Gabinete de Comunicación do **Sindicato Labrego Galego**

OBTERÁN MÁIS INFORMACIÓN CONTACTANDO CON

Margarida Prieto Ledo,

responsábel comarcal do Sindicato Labrego Galego, na Terra Cha,

659 98 53 08